

ToxoSoftware é unha empresa formada por alumnos de ASIR que se dedica á creación de páxinas web, encargándose de todo o proceso: contratar aloxamento, dominios, deseño, programación e formación para o cliente.

Traballamos a través de eTwinning, o que nos permite ter un cliente real: **Sporakia**. Son alumnos dun centro de FP grego que estudan Paisaxismo.

E ese é o tema do *website* creado, un sitio trilingüe (en galego, grego e inglés), que será utilizado como apoio á docencia nos próximos anos.



www.sporakia.eu


Proxecto eTwinning "Green Spots in Town":

twinspace.etwinning.net/25012




Máis información:

info@toxosoftware.eu



Webs sen espiñas



IES San Clemente ♥ Santiago de Compostela - Galiza
1º EPAL de Ierápetra ♥ Creta - Grecia

Green Spots in Town é un proxecto eTwinning impulsado polo EDLG do IES San Clemente, no que dous centros educativos de formación profesional traballan en colaboración para crear un sitio web sobre paisaxismo.

Os obxectivos principais deste proxecto interdisciplinario son:

- Practicar nun contexto real os contidos e ferramentas que os alumnos están a aprender nos seus cursos profesionais.
- Desenvolver competencias dixitais.
- Apreciar a importancia dos elementos naturais en espazos urbanos.
- Desenvolver material didáctico sobre paisaxismo.
- Empregar o galego e o grego como linguas de traballo internacional e practicar o inglés como lingua de comunicación nun contexto real, coa linguaxe técnica correspondente a cada curso profesional.

Os centros participantes e os estudos profesionais involucrados, son:

- IES San Clemente, de Santiago de Compostela, Galiza. Ciclo Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede (ASIR).
- 1º EPAL de Ierápetra, Creta, Grecia. Curso Profesional de Agricultura.

Os alumnos do IES San Clemente realizan o papel de deseñadores e programadores web na súa empresa **ToxoSoftware**. Os alumnos gregos, coa súa empresa **Sporakia**, actúan como clientes deste servizo e precisan un *website* para publicar información e material sobre paisaxismo.

O resultado final é un sitio web trilingüe en galego, grego e inglés, con información técnica, planos e debuxos feitos polos estudantes, imaxes de zonas verdes urbanizadas, etc.

É innovador o feito de cooperar nun contexto internacional: os alumnos non traballan de forma illada, senón en equipo xunto co alumnado do outro país. Teñen que comunicarse en inglés interpretando os roles de provedor/cliente e chegar a acordos. Ademais de desenvolver as tarefas propias da empresa, enfróntanse á situación de ter que satisfacer as necesidades dun cliente real, crear un produto real e formar ao cliente para usalo.

Os alumnos realizaron as diferentes fases do proxecto de forma autónoma, responsabilizándose das súas decisións e utilizando recursos que normalmente non están dispoñibles dentro da aula. Por exemplo: contratación de dominios e aloxamento web reais.

Participantes:

- Docentes: Marcos Vence, María Sourgiadaki, Maggie Ryan e Eva Pereira.
- Alumnado do CS Administración de Sistemas Informáticos en Rede: Félix Pardal, Pablo Pérez, Pablo Otero, Mario Michelotti, Daniel Rey e Daniel Herranz.
- Alumnado de FP Agricultura: Antonis Spyridakis, Faye Vaggela, Giorgos Hatzakis, Giorgos Paximadakis, Iosef Hourí e Sofia Arhou.

O noso agradecemento especial a:

- Bahía Software.
- Programa Lanzadeiras Coruña e plan Eduemprende.
- Os formadores Modesto Gómez, Luis Cayo e Alejandra Sánchez.
- O fotógrafo Adrián Baúlde.

